

GRANDEZA E DECADENCIA DUN PEQUENO COMERCIO DE CINEMA

[Jean-Luc Godard, 1986]

315

ESTREA EN NUMAX: 15.12.2017 | V.O.S.E. | +7

Série noire: Grandeur et décadence d'un petit commerce de cinéma (1986, 92')

Dirección: Jean-Luc Godard

Guión: Jean-Luc Godard (Novela: James Hadley Chase)

Elenco: Jean-Pierre Mocky, Marie Valera, Jean-Pierre Léaud

Son: Pierre-Alain Besse, François Musy

Fotografía: Caroline Champetier, Serge Le François

Música: Arvo Pärt, Bela Bartok, Leonard Cohen, Bob Dylan,

Janis Joplin, Johnny Mitchell

Produtoras: TFI, Hamster Productions, JLG Films (Francia),

Télévision Suisse-Romande (TSR) (Suíza)

Distribuidora: Capricci Cine

Formato de proxección: DCP2K, 1.33:1

Idioma orixinal: Francés

PREMIOS E FESTIVAIS

Locarno 2017 (Selección oficial)

FILMOGRAFÍA SELECCIONADA

Adeus á linguaxe, 2014

Elogio del amor, 2001

Histoire(s) du cinéma, 1988

Todo va bien, 1972

Pierrot o tolo, 1965

Vivir su vida, 1962


Al final de la escapada, 1959

SINOPSE

Dise do cinema que é unha fábrica de soños... Polo lado dos soños atópase a un cineasta, Garpard Bazin, que prepara o seu vindeiro filme e organiza castings para elixir os figurantes. Polo lado da fábrica atopamos a Jean Almercyda, un produtor vido a menos e ao que lle custa cada vez máis conseguir financiamento para arrancar os seus negocios.

«Profundamente divertida e conmovedora, dunha precisión incuestionábel.»

Jean-Michel Frodon, SLATE



GRANDEZA E DECADENCIA DUN PEQUENO COMERCIO DE CINEMA

[Jean-Luc Godard, 1986]

★
EUROPA CINEMAS
CREATIVE EUROPE - MEDIA SUB-PROGRAMME

“As teles privadas están privadas de imaxinación”

Entrevista con Jean-Luc Godard
Por Marie Rambert

Foi vostede quen quixo rodar un filme para *Série noire*? Foi unha idea que xurdiu coa xente de Hamster, a empresa que producir esa serie. Eu dixen, «por que non?». Había que partir dunha novela, así que elixín un autor que me gusta, ao que respecto, Chase. E a novela foi quedando atrás, rematamos chegando a outro lugar...

É certo que prometera realizar un filme policíaco clásico? Eu non sei o que é un filme policíaco clásico. As grandes novelas negras son aquelas nas que alguén que ten problemas tenta fuxir deles, todo rodeado dun ambiente particular. Se esa é a premisa do policíaco clásico eu respectéino por completo.

Os produtores non lle impuxeron nada? Si, un orzamento global que foi aceptado. Fixemos o filme (en vídeo) por un terzo menos do que custaron os demais.

Por que elixiu a Jean-Pierre Mocky? Porque a nosa historia parécese un pouco: vivimos e seguimos a vivir a grandeza e decadencia do cinema na época da televisión.

A televisión no seu conxunto? Ao remate do guión, dá máis ben a sensación de que se trata da televisión privada... As teles privadas están un pouco privadas de imaxinación. Polo que vexo son todas iguais. É a omnipotencia, como a Realeza, como a Igrexa na Idade Media. O cinema proxecta algo. Por esta razón, todavía ten poder no corazón da xente e os filmes teñen moito éxito en televisión. A televisión difunde, transmite, mais custa moito crear. O que non quere dicir que non haxa cousas interesantes, boa xente...

E vai crear cada vez menos? Iso penso. E é por iso que todos os lugares de creación teñen un poder moi grande na televisión, xa sexan os filmes, os programas de variedades e a información, é dicir, aquilo que transmite elementos creadores. Poden ser Chirac ou Mitterrand quen creen. Platini creando un gol ou eu propio, cando teño a honra de ser emitido, ou Zidi... Aparte diso, en televisión non se xera nada. *Cifras e letras* non xera nada. Dito isto, hai un consentimento por parte do cidadán que é o que ten a televisión na casa.

Volviendo ao símil policíaco, imos cara ao secuestro da creación por parte do diñeiro? O telespectador é refén porque así o quere. De feito, ás canles de televisión chámaselles cadeas. No meu filme vense moitas reixas.

En calquera caso, á TF1 pareceulle que era importante encargarlle un filme ao director de cinema que é vostede... Se cadra fixérono por cambiar, por dispor doutra ollada. Debera ser algo máis frecuente, non necesariamente comigo. Estoulles moi agradecido, estou moi contento e espero que emitan o filme correcta e normalmente. Este proxecto permíteme ter acceso a outro público, aínda que eu non desexase necesariamente o do sábado pola noite.

Non lle gusta o sábado pola noite ás oito e media? É de máis! Se lles das unha comellada a alguén que sae da prisión ou non pode con el ou ponse enfermo. As cadeas e programas non se multiplican para poder ver máis cousas, senón para poder cambiar de cadea. Os telespectadores xa non aturan ver un programa enteiro, os directores das cadeas, son conscientes diso. Son comanenos que están cansos dos seus xoguetes.

Publicado orixinalmente en Telérama, nº1892,
16 de abril de 1986
Tradución do castelán: Xan Gómez Viñas

NA LIBRARÍA NUMAX

Historia(s) del cine, Jean-Luc Godard
Caja Negra, 2007

Elogio del amor, Jean-Luc Godard
Interzona, 2017

JLG/JLG, Jean-Luc Godard. Caja Negra, 2009

Nadie como Godard, Alain Bergala. Paidós, 2003

Jean-Luc Godard y Anne-Marie Mieville:
Ensayos. Intermedio [DVD]

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org

Abónate e ven sempre por 4,5€

Faite NUMAX!